

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Tesourería. Departamento de Recadación

Período de ingreso en voluntaria do Imposto sobre Actividades Económicas e Taxas, exercicio 2019

ANUNCIO

PERÍODO DE INGRESO EN VOLUNTARIA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E TAXAS, EXERCICIO 2019

Por resolución da Concellaría da Área de Facenda e Administración, de data 15 de xaneiro de 2019, estableceuse entre o 13 de setembro e o 3 de decembro de 2019 o período de ingreso en voluntaria dos seguintes tributos:

- Imposto sobre Actividades Económicas
- Taxas de Recollida de Lixos Actividades Comerciais e Industriais, Vados, Cemiterios, e Aparellos Distribuidores

Durante o devandito prazo os obrigados ao pagamento poderán satisfacer as súas débedas a través de Bancos e Caixas de Aforros, que teñan o carácter de Entidade Colaboradora, no seu horario de apertura ao público, ou na Caixa Municipal sita na r./ Franxa, 20, de 8:00 a 14:00 horas, agás sábados e festivos.

Advertenza importante.- Débito por domiciliacións:

En aplicación da Lei 16/2009 de servizos de pago, e do artigo 37.5 Ordenanza Xeral de Recadación Municipal publicada no BOP nº 250, de 31 de decembro de 2015, o cargo na conta do importe dos recibos domiciliados farase o día 4 de outubro de 2019.

ENTIDADES COLABORADORAS:

- BANCO SANTANDER, SA
- BANCO DE SABADELL, SA
- CAIXABANK, SA
- ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA
- BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, SA

Transcorrido o período de cobramento en voluntaria sinalado, sen que se satisfixeran as débedas, iniciárase o procedemento de constrinximento de conformidade co disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo e 38 e seguintes da citada Ordenanza Xeral de Recadación Municipal, coas recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, custas e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

A non recepción do documento de cobro no domicilio non exonera da obriga do pagamento, nin impide o emprego da vía de constrinximento.

Recórdase que para anos sucesivos poderá acollerse, previa petición, ao plan de pago personalizado, que permite pagar as débedas ata en 6 prazos e cun desconto do 3% nos impostos do IBI e IVTM.

A Coruña, 21 de agosto de 2019

O Concelleiro da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas

2019/6929